



Waltz

un espectáculo VOADORA



“Voadora pásao moi ben en escena. Nótase, transmíteno e contaxian o seu goce ao público. E iso é o mellor que lle pode pasar a unha compañía de teatro e ó seu público.”
Lara Rozados. *Praza Pública*.

“Voadora sabe como tratar o amor: con humor, con ironía, amosando o patético e absurdo de cada situación... Como ven sendo habitual nas montaxes da compañía, a música acada un papel esencial na peza. A través da música en directo e dunhas letras escritas con orixinalidade y maestría son capaces de manter en todo momento a atención do público facendo que se sintan parte do espectáculo.”
Carla Capeáns. *teatrogalego.com*.



“Ademais dun sentido escénico que ten moito que ver co cómico e a cuestión bufa, no aspecto musical Voadora podería competir cun grupo pop. (...) Voadora traballa cos xéneros como se non merecesen ningún respecto. Xoga con eles, mestúraos, descolócaos, e dende o punto de vista do espectáculo como entretemento funciona perfectamente ben, e por outro lado, dende un punto de vista máis artístico, a proposta de Voadora é máis seria do que aparenta seguindo a súa caligrafía”.

Camilo Franco. *Diario Cultural* - Radio Galega.

Dirección e escenografía **Marta Pazos**
Elenco **Jose Díaz, Marta Pazos e Hugo Torres**
Música orixinal **Jose Díaz e Hugo Torres**
Axud. dir. e coreografías **Uxía P. Vaello**
Sastra **Cloti Vaello**
Vestuario **Uxía P. Vaello** coa colaboración
especial de **Amai Rodríguez, César Lombera**
e **Toca Fedella Toca**
Maquillaxe **Fany Bello**
Foto portada **Sara Pazos**
Fotos interior **Tamara de la Fuente**
Producción **Jose Díaz y Cecilia Carballido**
Colaboran **CSC Santa Marta (Santiago), Da-**
vid Rodríguez, José Perozo

Espectáculo apto para todos os públicos
Duración **60'**
Idioma **Galego**



SINOPSE

WALTZ é un conto que fala de amor e desamor, de namoramentos e rupturas, da vida compartida e da lembranza de amores perdidos.

En WALTZ a vida é un salón de baile onde imos cambiando de parella; hainas que che pisan os pés, outras agárrante forte pola cintura, a algunhas súanlle as mans e con outras bailarías por toda a eternidade....

O máis universal dos temas, o AMOR, sempre está moi presente nas producións da compañía VOADORA. Pero nesta ocasión VOADORA decide lanzarse de cabeza e traballar integramente sobre el adicándolle un espectáculo no que diseccionar os sentimentos, as emocións e as sensacións extremas que leva consigo este tema universal.

WALTZ articúlase en 3 movementos case independentes, como se dunha sinfonía se tratara. As ferramentas esenciais, como soe ser habitual nos espectáculos da compañía, son a ironía, o humor, a beleza, a poesía, a danza, o absurdo e a música.

STAGE





**CHAPTER
TWO**





MÚSICA

Como non podía ser doutro xeito con VOADORA, WALTZ é un espectáculo musical. Un espazo sonoro composto por máis de 20 temas orixinais que abarcan estilos dende a música dance ao pop, o calipso, a opereta e, por suposto, o vals.

Os temas musicais, interpretados en directo polos actores, serven de fío condutor da acción. Ás veces son un personaxe máis e outras actúan como banda sonora transportando as escenas a unha evocadora linguaxe cinematográfica.

Unha concepción do espazo sonoro e lumínico que, a modo dun “deus ex machina” integra unha acción máis dentro da dramaturxia deixando en mans do actor ou do personaxe dar luz e son a todo o que sucede diante do espectador.

ESPAZO

O espazo escénico ten un papel especial e sorprendente neste espectáculo. Prescindindo da distribución do público á italiana o espazo artículase de xeito que, ó igual que nunha instalación, o público sitúase, transita e descubre os diferentes cadros que se lle presentan ao longo dos 60 minutos aproximados de duración do espectáculo.

VESTIARIO

Completando a concepción estética característica da compañía o vestiario xoga con dúas imaxes de referencia diferenciadas: por unha parte recrea o universo dun salón de baile palaciano rememorando o imaxinario común dos contos de fadas.

A outra parte completamente oposta presenta un look máis contemporáneo optando por referencias urbanas que de súpeto supoñan un salto a unha imaxe real, actual e contemporánea.

Desta vez a habitual deseñadora de vestiario Uxía P. Vaello contou coa colaboración da deseñadora Amaí Rodríguez e da marca de tocados Toca Fedella Toca con quen conseguiu recrear un universo de monstros e fantasías nas cabezas dos personaxes.





A COMPAÑÍA

VOADORA, integrada por Marta Pazos, Hugo Torres e Jose Díaz, nace como compañía de teatro en 2007. Os seus traballos de investigación en creación contemporánea caracterízanse por un importante compoñente musical, estético, sorprendente e evocador.

Nese ano inicia a súa triloxía “Lugares Comúns” con Periferia, seguida en 2009 por Super8, premiada á Mellor Dirección nos XV María Casares e que xirou na Red Nacional de Teatros Alternativos ademais de participar en multitude de festivais internacionais (FITEI, FINTA, FITO, Ellas Crean Bilbao,...). A triloxía conclúe no 2012 con Tokio3, espectáculo gañador de 5 Premios María Casares (dirección, música, iluminación, vestuario e maquillaxe) ademais de estar nomeado ó Mellor Espectáculo Revelación nos Premios Max 2013.

Con 8 espectáculos ás súas costas VOADORA afronta o 2013 despois dun ano intensísimo, no que foi a única compañía española invitada a producir un espectáculo para GUIMARÃES 2012 Capital Europea da Cultura, onde estrearon o proxecto múltiple JOANE, un musical para 20 actores/músicos, dentro do encontro de Teatro Contemporáneo Festivals Gil Vicente.

Forman parte do Project LLul, unha coprodución coa produtora catalana Focus, a asociación Propositário Azul de Lisboa e a compañía Teatrod CERCA de Barcelona. Xuntos estean SOTS L'OMBRA D'UN BELL ARBRE en xira durante este ano por Europa, Asia e América.



MARTA PAZOS

Dirección/Escenografía/Intérprete

(Pontevedra, 1976) Directora, actriz e artista plástica. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Barcelona. Desde 2000 dirixe espectáculos en España e Portugal. Como actriz traballa n'l Teatro Nacional Sao Joao de Oporto, o Centro Dramático Galego, o Centro Dramático de Aragón e nas cías Matarile, Chévere, Trigo Limpo, PistaCatro, la Fura del Baus e Belmondo. Roda numerosas longametraxes, curtametraxes e series de tv. Recibiu os Premios María Casares á Mellor Dirección por Super8 en 2011 e Mellor Dirección e Mellor Escenografía en 2013 por Tokio3.



JOSE DÍAZ

Produción/Composición musical/Intérprete

(A Coruña, 1976) Produtor, actor, realizador, guionista e compositor. Técnico Superior en Producción pola EIS da Coruña. Traballa como produtor freelance en cine, publicidade, ficción para tv e videoclips. Durante 9 anos foi director de produción do estudio Tresdeseos Animación. Como produtor teatral e director en xira traballa para o Centro Dramático Galego e a compañía PistaCatro. Escribe, dirixe e produce 5 curtametraxes multipremiadas. Conta cun Premio María Casares á Mellor Música Orixinal e a súa produción en Tokio3 opta ao María Casares 2013 a Mellor Espectáculo e ao Premio ao Mellor Espectáculo Revelación nos Max 2013.



HUGO TORRES

Composición musical/Intérprete

(Viseu, 1973) Actor e compositor. Licenciado en Teatro-Interpretación en ESMAE (Escola Superior de Música e das Artes do Espectáculo) de Oporto e CECC (Centre D'estudis Cinematogràfics de Catalunya). De 1999 a 2006 forma parte do elenco estable do Teatro Nacional Sao Joao de Oporto. Traballa cos directores Ricardo País, Giorgio Corsetti, Nuno Carinhas, Nuno Cardoso, Antonio Duraes, Quico Cadaval, Carlos Santiago, Jorge Silva Melo, Joao Brites, José Carretas, Rui Spranger, Pierre Voltz e Marcos Barbosa. Conta cun galardón á Mellor Música Orixinal nos Premios María Casares polo espectáculo Tokio3.



UXÍA P. VAELLO

Coreógrafa/Vestuario

(Vilagarcía de Arousa, 1978). Fórmase en Historio da Arte na Universidade de Santiago de Compostela e en danza na Escola Superior de Danza de Lisboa. Desde 2007 traballa nos seus proxectos de creación e colaborando con outros artistas como Borja Fernández ou Laura Lizcano. Imparte clases de danza no Espazo de Danza da USC. As súas pezas foron presentadas no Festival Escena Contemporánea de Madrid, o Festival BC-STX, en EN Pé de Pedra e Box Nova CCB de Lisboa, entre outros. No 2013 recibe o Premio María Casares ao Mellor Vestuario por Tokio3.

ac **WALTZ**

